

3.3. Asuntos económicos e contratación

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 21 de maio de 2018, polo que non se constitúe mesa de contratación nos procedementos abertos simplificados con tramitación abreviada regulados na lexislación de contratación do sector público

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, recolle un novo procedemento de contratación aberto simplificado con tramitación abreviada (artigo 159.6).

Este procedemento, que ten como límite un valor estimado de 35.000 euros para subministracións e servizos e de 80.000 euros para obras, simplifica moito a tramitación dos expedientes, que se realizan automaticamente pola plataforma electrónica nun prazo relativamente curto, con criterios de adxudicación cuantificables mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos.

Con este procedemento poderase contratar as prestacións para satisfacer a maior parte das necesidades de reparacións e para a reposicións de material e subministracións, que requiren un certo grao de inmediatez por ser imprescindibles para o funcionamento diario de equipamentos e instalacións do edificio.

O procedemento virá substituír moita contratación menor e ten todas as garantías de transparencia e de obtención da mellor relación calidade-prezo dos procedementos abertos.

O artigo 326 da citada lei, que regula as mesas de contratación, establece na súa alínea 1 que nos procedementos abertos simplificados con tramitación abreviada será potestativa a constitución da mesa de contratación, que podería substituírse polos servizos dependentes do órgano de contratación.

Esta substitución daríalle máis axilidade á tramitación sen perderse o seu control polo órgano de contratación, os servizos xurídicos e a intervención, que seguirían supervisando o inicio do expediente, a aprobación dos pregos correspondentes e a adxudicación dos contratos.

Por ese motivo, nos procedementos abertos simplificados con tramitación abreviada, a mesa de contratación poder ser substituída polo Servizo de Persoal e Réxime Interior, que ten atribuída a competencia na xestión integral dos procedementos administrativos de contratación no artigo 12 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (DOG nº 87, do 7 de maio de 2018).

En consecuencia, ao abeiro do disposto no artigo 3 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, adóptase o seguinte acordo:

Nos procedementos abertos simplificados con tramitación abreviada previstos na lexislación de contratos do sector público, a mesa de contratación será substituída polo Servizo de Persoal e Réxime Interior, unidade administrativa que, segundo o Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, ten atribuída a competencia na xestión integral dos procedementos administrativos de contratación.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º